

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 9 de xaneiro de 2012 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor no eido da prevención das drogodependencias na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Estratexia europea 2005-2012 e a Estratexia nacional 2009-2016, cos seus correspondentes plans de acción, recollen a prevención do consumo de drogas como o ámbito clave. Concretamente, a Estratexia nacional, e o seu Plan de acción 2009-2012, pon en valor a dimensión da saúde pública como compoñente social nas políticas de drogas e supón unha firme aposta para mellorar as intervencións e garantir a súa calidade a través da actividade coordinada entre todas as administracións que, pola súa vez, contan coa colaboración imprescindible das organizacións non gobernamentais para pór en marcha as medidas que contén o dito plan, onde se prevén seis ámbitos de intervención de acordo cos obxectivos marcados na Estratexia nacional. O maior peso recae no ámbito da redución da demanda, que conta con 36 accións, o que supón máis da metade das que ten o plan. Dentro dese ámbito, a prevención é o punto privilexiado, con 17 accións, entre as que se destacan accións dirixidas a sensibilizar e informar os distintos sectores sociais sobre os riscos a que pode conducir o consumo de drogas, así como a énfase posta en todo o que ten que ver coa prevención nos ámbitos educativo e escolar.

O Plan de Trastornos Adictivos 2011-2016 de Galicia recolle dez liñas estratéxicas de actuación entre as que destacan: a diminución da prevalencia dos consumos de bebidas alcohólicas, tabaco ou drogas ilícitas; a regulación e o control da oferta de bebidas alcohólicas e tabaco a menores; a prevención das adiccións sociais e condutas relacionadas e a diminución de riscos e redución de danos asociados ao uso e abuso de drogas. Concretamente, as cinco primeiras liñas estratéxicas establecen as actuacións claves e os responsables de desenvolverlas, sendo os concellos e entidades cidadás, é dicir, as entidades privadas que traballan en materia de drogodependencias, as que terán competencia no desenvolvemento de campañas e actos de sensibilización social sobre as consecuencias do uso e abuso de drogas e outras adiccións sociais e condutas relacionadas e na elaboración de guías e materiais de sensibilización social nos ámbitos escolar, familiar, xuvenil,

e laboral. Faise especial fincapé na necesidade de ter en conta as evidencias científicas existentes para o deseño das políticas e programas en materia de prevención.

Para o desenvolvemento deste plan tívose en conta a investigación socio-epidemiolóxica do consumo de drogas. En Galicia, esta investigación faise de forma continuada desde o ano 1988 con estudos bianuais. O último estudo do Consumo de drogas en Galicia, ademais da análise de prevalencias, dos factores de risco e protección e doutras variables sociolóxicas, describe o mapa de risco epidemiolóxico atendendo á ordenación das diferentes áreas sanitarias de Galicia.

O mapa establece dous índices de risco: o índice do risco absoluto, en función da presenza significativa das trece drogas estudadas en cada unha das áreas, e o índice de risco relativo que pondera a incidencia de cada droga polo peso de poboación de cada área de saúde, isto permite establecer unha orde de prioridade. Así, cun risco alto, atópanse as áreas sanitarias de Vigo, A Coruña e Santiago, cun risco medio-alto atópanse as de Ourense, Ferrol, Pontevedra e Lugo e cun risco menor as do Salnés, Cervo-Burela, O Barco de Valdeorras e Monforte de Lemos.

Así pois, resaltando a importancia de intensificar a coordinación e cooperación institucional co fin de promover a participación social e a coordinación e cooperación coas entidades privadas que traballan no ámbito da prevención, e de acordo cos obxectivos estratéxicos do plan, neste marco de coordinación, esta orde pretende fomentar e dar continuidade ás políticas de prevención de drogodependencias e doutras condutas adictivas.

Cómpre, ademais de dar continuidade temporal aos programas desenvolvidos ao abeiro dos convenios de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro en materia de prevención de drogodependencias durante anos anteriores, promover a concorrencia competitiva con outras entidades sen ánimo de lucro cuxo ámbito de actuación sexan novos concellos de Galicia.

De acordo co exposto, e con suxeición ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 4/2006, do 30 de xullo, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e en consonancia coas facultades que me confire a Lei 1/1983, do

22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, nos seus artigos 34 e 38,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar, en réxime de cofinanciamento e concorrencia competitiva, a concesión de subvencións a proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas que se van desenvolver en Galicia, en consonancia coas áreas de actuación prioritarias establecidas pola Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, entre as que se atopan as recollidas no artigo 4 da presente orde.

Artigo 2. *Entidades beneficiarias.*

Poderán concorrer todas aquelas entidades privadas sen ánimo de lucro de Galicia que desenvolven o seu labor no eido das drogodependencias e presenten, e promovan, individualmente ou asociadas, o desenvolvemento do proxecto obxecto desta orde.

Artigo 3. *Requisitos.*

Serán requisitos para optar a unha subvención para os proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas:

1. A presentación dun proxecto de actuación orientado ao fomento de estilos de vida saudables cara á prevención das drogodependencias e condutas adictivas (sociais e comportamentais). Este proxecto denominarase xenericamente, para os efectos desta convocatoria, Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas.

2. A creación formal dunha Unidade de Prevención de Drogodependencias e Condutas Adictivas, só para aqueles proxectos de prevención universal e selectiva, quedarán excluídos de cumprir este requisito aqueles proxectos que se presenten a desenvolver programas e actividades de prevención indicada aos cales se refire o artigo 4.3 desta orde. Esa unidade estará constituída, polo menos, por un profesional (titulado/a superior ou grao medio), preferentemente licenciado/a en psicoloxía, pedagogía, educación social ou traballo social, con formación específica en drogodependencias e outras adiccións, que actuará como coordinador/a e representante técnico do proxecto ante a Consellería de Sanidade.

3. Contar coa infraestrutura física adecuada e necesaria para a localización da Unidade/ Servizo de Prevención de Drogodependencias e Condutas Adictivas cara ao adecuado desenvolvemento das funcións, programas e actividades que debe desenvolver. No caso de proxectos que se presenten para desenvolver programas e actividades de prevención indicada sinalados no artigo 4.3, quedan eximidos deste requisito.

4. Estar inscrita no momento da solicitude de subvención no Rexistro de Entidades Colaboradoras do Plan de Galicia sobre Drogas, regulado no Decreto 58/2005, do 24 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 74/2002, do 28 de febreiro, polo que se crea o Rexistro de Entidades Colaboradoras do Plan de Galicia sobre Drogas, e se regula o procedemento para a súa declaración de interese.

5. Para tal efecto, a entidade solicitante non rexistrada poderá solicitar a súa inscrición na Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, que procederá, sempre que cumpra os requisitos necesarios exixidos no decreto citado no punto anterior, á súa inscrición no rexistro nun prazo máximo de 15 días contados desde a data de entrada da solicitude na Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables, unidade xestora do antedito rexistro.

6. Acreditar de forma fidedigna, a entidade solicitante, unha experiencia profesional de traballo no eido das drogodependencias de cando menos 5 anos.

7. Para o caso de proxectos presentados con carácter municipal ou de agrupación de concellos, deberán abranguer unha área de actuación dun mínimo de 10.001 habitantes, ben como concello individual ou como suma dos habitantes dos concellos para os que se presenta o proxecto común. Para tal fin, comprobarase a veracidade de tal extremo mediante o padrón municipal que figure na páxina web do Instituto Galego de Estatística na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

8. De idéntico xeito, para aqueles proxectos presentados coa cualificación de Plan Comunitario de Intervención en Prevención de Drogodependencias, as entidades concorrentes deberán presentar o certificado municipal de poboación que din abranguer, isto é, a bisbarra, concello, distrito municipal ou barrio en que desenvolven, ou pretenden desenvolver, a súa intervención comunitaria.

9. Así mesmo, deberán achegar certificación do seu alcance de poboación, por parte do organismo oficial con competencias sobre o caso, as entidades a que se refire a clase 4 do artigo 8 da presente orde.

10. As entidades optarán á clase que lles corresponda segundo o indicado no artigo 8 desta orde. Se unha entidade privada se asociar con outra co fin de desenvolver un proxecto común nun mesmo ámbito territorial de actuación, nomearán entre elas a responsable interlocutora e receptora da subvención ante a Consellería de Sanidade para todos os efectos.

11. Presentar a documentación completa requirida no artigo 16 desta orde, no prazo establecido nel.

Artigo 4. *Contidos dos proxectos.*

1. Serán programas e actividades de carácter obrigatorio no eido da prevención universal, selectiva e indicada.

a) Aqueles proxectos que desenvolvan os programas de prevención das drogodependencias nos ámbitos escolar, familiar e xuvenil recollidos na carteira de servizos en materia de prevención das drogodependencias da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

2. Serán programas e actividades de carácter complementario e voluntario igualmente valorables neste eido da prevención:

a) Aqueles programas e actividades encamiñadas á prevención das drogodependencias dirixidos a outros ámbitos que, recollidos ou non, na nomeada carteira de servizos, se estean levando a cabo ou propoñan pór en marcha as entidades privadas. Por exemplo, programas que se van desenvolver no ámbito laboral ou outras actividades transversais.

3. Para proxectos de prevención indicada dirixida á redución de riscos e diminución de danos en drogodependentes en situación de emerxencia social, o proxecto contará, polo menos, cos seguintes programas e as súas respectivas actividades:

a) Programa de captación de persoas drogodependentes e intervención na rúa.

b) Programa de centro de encontro e acollida, coa infraestrutura física indispensable para o seu desenvolvemento.

c) Programa de redución de riscos e diminución de danos propiamente dito: intercambio de material de inxección, dispensa e distribución de *kits* hixiénicos, preservativos etc.

d) Programa de información-formación ás persoas destinatarias do proxecto.

Tanto nas actividades de carácter obrigatorio como nas complementarias e voluntarias deberase prever a perspectiva de xénero, no relativo á súa metodoloxía e aos contidos.

Artigo 5. Funcións da Unidade de Prevención de Drogodependencias e Condutas Adictivas.

1. Atender e canalizar as demandas de información, asesoramento e formación en relación coas drogas no seu ámbito territorial de actuación.

2. Planificar, programar, coordinar, executar e avaliar programas de prevención de drogodependencias en diferentes ámbitos de intervención: educativo, familiar, xuvenil, laboral, perspectiva de xénero e outras actividades transversais de información-sensibilización, así como formación de mediadores sociais e sanitarios. Mecanizar todos os programas preventivos realizados, así como cada unha das variables que conforman o sistema de información da Consellería de Sanidade na área da prevención das drogodependencias, a través da aplicación informática para a xestión do sistema de avaliación de programas de prevención (Xesapi).

3. Ser un nexo de unión e de coordinación coas distintas entidades que potencialmente podan estar implicadas no proxecto no ámbito do seu territorio de actuación, tales como o concello, centros escolares, sociais, sanitarios e entidades de todo tipo e a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.

4. Difundir á sociedade por todos os medios de comunicación ao seu alcance as estratexias preventivas que se estean realizando no seu territorio, así como os resultados alcanzados con elas: visualización social do proxecto no contexto que se aplica.

5. Detectar no seu ámbito posibles incumprimentos de normativa sobre promoción, publicidade, venda e consumo de bebidas alcohólicas e tabaco.

6. Atender ás indicacións da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública emanadas dos principios e directrices do Plan de Trastornos Adictivos da Xunta de Galicia 2011-2016 en materia de prevención.

7. Elaborar os informes que permitan o correcto seguimento e avaliación dos proxectos segundo os procedementos de seguimento e avaliacións intermedias, que determine a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.

Artigo 6. *Dispoñibilidades orzamentarias.*

1. As subvencións concedidas aos proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 1002.413A.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012, ascendendo a contía total destinada a estas axudas a 605.000 euros.

2. No entanto, estas contías pódense ver incrementadas a través das oportunas modificacións orzamentarias, quedando condicionadas á dispoñibilidade do crédito como consecuencia dalgunha das circunstancias expostas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quedando en todo o demais ao dispor do mencionado no citado artigo.

3. En calquera caso, a concesión das subvencións reguladas nesta orde limitarase ás dispoñibilidades orzamentarias existentes no momento de resolución de concesión.

Artigo 7. *Normas xerais sobre as subvencións.*

1. A contía da subvención non poderá ser superior á cantidade solicitada ou ao 95% do orzamento total do proxecto para o que se solicita a subvención.

2. Ademais, a contía máxima destas subvencións non poderá, en ningún caso, superar o custo do proxecto que desenvolvan as entidades beneficiarias, xa sexa illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados.

3. Poderán subvencionarse os programas e actividades recollidas no proxecto que abranguen a súa realización desde o 1 de decembro de 2011 ata o 30 de novembro de 2012.

4. Só se subvencionará un proxecto por cada entidade ou agrupación de entidades. Por iso, só se poderá optar á subvención e concorrer a unha das clases especificadas no artigo 8 da presente orde. No caso de entidades en que a súa área de actuación se enmarcase en varios concellos, asignarase unha única subvención para realizar un único proxecto común.

5. Os proxectos serán seleccionados dentro da clase a que opte a/s entidade/s solicitante/s con base na puntuación que acaden en aplicación dos criterios especificados no artigo 9 desta orde.

6. Só serán seleccionados cara á definitiva adxudicación da contía que se vai subvencionar aqueles proxectos que acaden unha puntuación mínima de 50 puntos da puntuación máxima teórica de 100 que se pode acadar na baremación.

7. Para o procedemento de selección e asignación da correspondente contía que resulte daquela, aplicarase o procedemento especificado nos puntos 5 e 6 do artigo 33 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. O empate na puntuación acadada entre entidades que presenten un proxecto de actuación para un concello ou agrupacións de concellos, resolverase a favor daquel proxecto que xa fose subvencionado con anterioridade a través de convenios de colaboración coa Consellería de Sanidade, co fin de darlle continuidade temporal. A posible persistencia no empate resolverase por sorteo simple.

Artigo 8. *Clases e contías das subvencións.*

a) Clase 1.

Para proxectos que enmarquen a súa xestión preventiva en concellos individuais ou agrupacións de concellos que abarquen unha poboación igual ou superior aos 50.001 habitantes, a concorrencia competitiva terá carácter autonómico.

Destínanse a esta clase 100.000 euros do importe total especificado no artigo 6.1.

Nesta clase, a subvención mínima que se outorgará a cada proxecto acadará a contía de 25.000 euros, respectando a porcentaxe máxima expresada no artigo 7.1.

b) Clase 2.

Para proxectos que enmarquen a súa xestión preventiva en concellos individuais ou agrupacións de concellos que abarquen unha poboación igual ou superior aos 10.001 habitantes e inferior a 50.000, a concorrencia competitiva terá carácter autonómico.

Destínanse a esta clase 147.000 euros do importe total especificado no artigo 6.1.

Nesta clase, a subvención mínima que se outorgará a cada proxecto acadará a contía de 29.400 euros, respectando a porcentaxe máxima expresada no artigo 7.1.

c) Clase 3.

Proxectos que enmarquen a súa xestión preventiva en concellos en que as entidades sen ánimo de lucro solicitantes pretendan desenvolver plans comunitarios de prevención das drogodependencias, a concorrencia competitiva terá carácter autonómico.

Destínanse a esta clase 168.000 euros do importe total especificado no artigo 6.1.

Nesta clase, a subvención mínima que se outorgará a cada proxecto acadará a contía de 28.000 euros, respectando a porcentaxe máxima expresada no artigo 7.1.

d) Clase 4.

Proxectos ou plans de prevención de drogodependencias dirixidos a comunidades étnicas con especial risco.

Destínanse a esta clase 35.000 euros do importe total especificado no artigo 6.1.

Nesta clase, a subvención mínima que se vai outorgar a cada proxecto acadará a contía de 17.500 euros, respectando a porcentaxe máxima expresada no artigo 7.1.

e) Clase 5.

Proxectos que enmarquen a súa xestión preventiva nun programa de intervención precoz con drogodependentes en situación de emerxencia social que teñan carácter autonómico ou, cando menos, supraprovincial.

Destínanse a esta clase 155.000 euros do importe total especificado no artigo 6.1.

Nesta clase, a subvención mínima que se outorgará a cada proxecto acadará a contía de 77.500 euros, respectando a porcentaxe máxima expresada no artigo 7.1.

Artigo 9. *Criterios de baremación.*

Os criterios de baremación que serán aplicados á hora de seleccionar os proxectos presentados e que permitirán facer a proposta razoada das contías subvencionadas, son os seguintes:

1. Calidade técnica, rigor metodolóxico e definición dun proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas: ata 58 puntos.

a) Para proxectos de prevención universal, selectiva e indicada especificados no artigo 4.1 e 4.2, valorarase, segundo o índice recollido no anexo II, da forma seguinte:

– Valorarase ata 49 puntos totais: ata 7 puntos por cada programa de carácter obrigatorio que se desenvolva no ámbito especificado no artigo 4.1.

– Valorarase ata 9 puntos totais: ata 3 puntos por cada programa de carácter voluntario que se desenvolva noutros ámbitos, segundo o especificado no artigo 4.2.

b) Para proxectos de prevención indicada especificados no artigo 4.3 valorarase, segundo o índice recollido no anexo II, da forma seguinte:

– Valorase ata 12 puntos, o programa de captación de persoas drogodependentes e intervención na rúa.

– Valorarase ata 18 puntos, o programa de centro de encontro e acollida, coa infraestrutura física indispensable para o seu desenvolvemento.

– Valorarase ata 16 puntos, o programa de redución de riscos e diminución de danos propiamente dito: intercambio de material de inxección, dispensa e distribución de *kits* hixiénicos, preservativos etc.

– Valorarase ata 12 puntos, o programa de información-formación ás persoas destinatarias do proxecto.

2. Grao de interacción da entidade coas estruturas existentes no concello/s: implicación e coordinación cos recursos escolares, sociais, sanitarios e sociosanitarios do ámbito municipal, mediante as oportunas acreditacións dos organismos e instancias aludidos: ata 5 puntos.

3. Emprego da lingua galega na redacción do proxecto e no desenvolvemento das actividades propostas: ata 1 punto.

4. Co fin de fomentar a agrupación de entidades, incentivaranse aqueles proxectos que promovan o asociacionismo mutuo presentando un proxecto común, segundo á seguinte puntuación:

– Proxecto que agrupe a dúas ou máis entidades: 4 puntos.

5. Experiencia no desenvolvemento de programas de prevención de drogodependencias, expresada en anos de colaboración coa Consellería de Sanidade e co Servizo Galego de Saúde, nesta materia:

– Valorarase con ata 6 puntos aquela entidade que colaborase coa Consellería de Sanidade e co Servizo Galego de Saúde durante 15 ou máis anos.

– Valorarase con ata 4 puntos aquela entidade que colaborase coa Consellería de Sanidade e co Servizo Galego de Saúde entre 10 e 14 anos.

– Valorarase con ata 2 puntos aquela entidade que colaborase coa Consellería de Sanidade e co Servizo Galego de Saúde nove ou menos anos.

– Valorarase con 0 puntos aquela entidade que nunca colaborase con anterioridade coa Consellería de Sanidade e co Servizo Galego de Saúde.

No caso de se presentar dúas entidades agrupadas que con anterioridade contasen, ambas as dúas, coa expresada colaboración, só se valorará esta epígrafe unha vez, puntuándose á agrupación con maior tempo de colaboración coa Consellería de Sanidade e co Servizo Galego de Saúde.

6. Experiencia acreditada no desenvolvemento de programas de redución de riscos e prevención no eido das enfermidades transmisibles como VIH ou hepatite: ata 2 puntos.

7. Polo número de concellos en que desenvolven os programas e actividades de prevención presentadas no proxecto:

a) Valorarase ata con 5 puntos se abarcan 5 ou máis concellos.

b) Valorarase ata con 2 puntos se abarcan entre 4 e 2 concellos.

8. Segundo o índice de risco epidemiolóxico (IRE) de consumo de alcohol e outras drogas do espazo xeográfico en que desenvolve o proxecto:

a) Valorarase con 10 puntos se o IRE está definido como alto.

b) Valorarase con 5 puntos se o IRE está definido como medio-alto.

c) Valorarase con 1 punto se o IRE está definido como menor.

9. Tendo en conta a formación profesional e modalidade de contratación do persoal con que vaia contar a entidade para levar a cabo o proxecto, puntuarase ata un máximo de 9 puntos de acordo á seguinte puntuación:

a) Contratación a xornada completa: por cada titulado/a superior (grupo I laboral da Xunta de Galicia), 3 puntos; por cada titulado/a de grado medio (grupo II), 2 puntos, e por especialistas e encargados (grupo III), 1 punto.

b) Contratación a media xornada: por cada titulado/a superior (grupo I laboral da Xunta de Galicia), 1,5 puntos; por titulado/a de grao medio (grupo II), 1 punto, e por especialistas e encargados (grupo III), 0,5 puntos.

Artigo 10. Cálculo das contías das subvencións.

1. Só se subvencionarán aqueles proxectos que teñan acadado como mínimo 50 puntos na fase de baremación-selección, segundo o estipulado no artigo 7.6 da presente orde.

2. Aos proxectos que resulten seleccionados segundo a súa clase, asignaráselles o crédito dispoñible segundo a relación ordenada que se obteña de maior a menor ata completar a contía global ou orzamento asignado á clase, segundo o especificado no artigo 8.

3. Para fixar a contía das subvencións que se outorgarán dividirase o total do orzamento correspondente a cada clase entre a suma de puntos obtida pola valoración de todos os proxectos seleccionados nesa clase, obténdose deste xeito a cantidade en euros establecida para cada punto.

Unha vez obtido, na clase correspondente, o valor en euros de cada punto, multiplícase pola puntuación obtida por cada proxecto presentado, para obter a contía da axuda.

4. Se nunha clase un ou varios proxectos fosen excluídos da asignación das axudas, ben por non acadar a puntuación mínima exixida na fase de selección, ben porque a contía para outorgarlle, resultante de aplicar o método antes descrito, non acadase a subvención mínima a outorgar, expresada, segundo a clase no artigo 8, ou por calquera outra circunstancia debidamente xustificada, a contía para asignar aos proxectos restantes seleccionados na clase faríase da seguinte maneira:

a) Se o número de proxectos seleccionados nunha clase for só un menos do número máximo que resulta de dividir o orzamento global desa clase entre a contía mínima que se vai outorgar, ese orzamento non variará, adxudicándose entre os seleccionados segundo o método especificado no punto anterior.

b) Se o número de proxectos seleccionados for dous ou menos dese máximo que se vai subvencionar na clase, o importe global da clase reducirase. O cálculo da redución farase da seguinte maneira.

Procederase a minorar do importe global da clase a suma das contías mínimas que estaban previstas para eses proxectos non seleccionados, repartindo esa suma como segue:

o 50% para incrementar o importe a adxudicar entre os seleccionados da clase, e o outro 50% pasará a incrementar por igual o orzamento das demais clases.

5. De semellante maneira, se for o caso de non resultar seleccionado ningún proxecto nunha determinada clase ou quedar deserta a concorrência nunha clase por mor de non presentarse ningún proxecto a ela, o orzamento global destinado a esa clase irá destinado en exclusiva a incrementar por igual os orzamentos das demais clases.

Artigo 11. *Instrución e comisión de valoración.*

1. Órganos competentes.

As unidades administrativas competentes para a ordenación do procedemento de concesión serán a Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables a través do Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos, realizarán de oficio cantas actuacións consideren necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación de datos que deben motivar a proposta de resolución.

2. Comisión avaliadora.

A concesión realizarase en réxime de concorrência competitiva, polo que, unha vez instruídos os expedientes, constituirase como órgano colexiado unha comisión avaliadora que, de acordo cos criterios de baremación das solicitudes establecidos no artigo anterior, avaliará os proxectos das entidades solicitantes e emitirá o correspondente informe coa puntuación acadada polos proxectos presentados, realizará a selección e emitirá informe ao órgano instructor.

Esta comisión poderá adoptar validamente os seus acordos, sempre que asistan o/a presidente/a, ou persoa en que delegue, a persoa que exerza de secretario/a e polo menos a metade dos seus membros. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que examinar as solicitudes, algún dos membros que a compoñen non puiden asistir, será substituída pola persoa que, para o efecto, designe o presidente da comisión.

Para o seu funcionamento, a comisión rexerese polo establecido no título II, capítulo II, artigos 22 ao 27 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, relativo aos órganos colexiados.

A comisión de avaliación, facendo a motivación oportuna, poderá requirir aos solicitantes das axudas información ou documentación adicional que, non estando en poder

da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

A comisión avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

– Presidente: a persoa titular da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública ou persoa en quen delegue.

– Vogais:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables.

- A persoa titular da xefatura do Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos.

- Un/unha técnico/a do dito servizo, que actuará como secretario/a.

- Un ou dous avaliadores externos alleos á Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables que, para o efecto, designe o presidente da comisión.

3. Órganos competentes para a instrución e resolución.

O titular da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública é o órgano instrutor do procedemento e, á vista do expediente e do informe da comisión de valoración, elevará a proposta de resolución á conselleira de Sanidade, quen adoptará a resolución en virtude da cal se outorgarán ou denegarán as subvencións solicitadas.

Artigo 12. *Resolución.*

1. Unha vez emitida a proposta de resolución, a conselleira de Sanidade ditará resolución, de conformidade co previsto no artigo 34 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro. A dita resolución deberá conter, de maneira expresa, a relación de entidades solicitantes ás cales se lles concede a subvención e a desestimación do resto das solicitudes, se é o caso.

2. As resolucións de concesión de subvencións serán motivadas e notificaranse ás entidades beneficiarias no prazo de 3 meses. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecua-

ción da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Todo incumprimento ou alteración das condicións en que se basea a concesión da subvención e, se é o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 13. *Notificación e publicación.*

1. A resolución deberá ser notificada aos beneficiarios de forma individualizada de acordo co previsto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Unha vez notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A notificación de forma individualizada farase sen prexuízo da publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas, de conformidade co establecido nos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia* deberá conter a relación de solicitantes a que se conceden, desestimen e non concedan as subvencións para os respectivos proxectos, con indicación da norma reguladora, a súa correspondente contía e as causas de denegación no seu caso.

3. De conformidade co establecido nos artigos 14.2 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 13.3 e 4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade publicará na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas, polo que a solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

4. Conforme o establecido no artigo 14.1 m) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán existir circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, dean lugar á modificación da resolución de concesión.

5. En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos ao abeiro desta orde se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento, podendo exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei dirixindo un escrito á:

Consellería de Sanidade, Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, edificio administrativo San Lázaro, s/n 15773 Santiago de Compostela. A Coruña.

6. Segundo o establecido no artigo 14.1.ñ) da Lei 9/2007, informamos os interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións, regulado no artigo 16 da mesma lei.

Artigo 14. *Aceptación e renuncia.*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, a entidade beneficiaria da subvención deberá aceptala expresamente. Transcorridos 10 días sen ter recibido este documento no órgano xestor, entenderase que a entidade acepta a subvención.

2. A aceptación da subvención ou a súa renuncia poderase facer axustándose aos modelos que se inclúen como anexos VII e VIII, respectivamente, ou por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

3. No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, a conselleira de Sanidade ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1 da mesma lei.

Artigo 15. *Recursos.*

1. Contra a resolución do procedemento que pon fin á vía administrativa, as entidades interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición, de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas

e do procedemento administrativo común, ante a conselleira de Sanidade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución á entidade interesada.

2. Igualmente procederá interpor directamente recurso contencioso-administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, se a resolución é expresa; se non fose así, o prazo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

3. De presentarse recurso potestativo de reposición, non poderá acudir á vía contencioso-administrativa ata que este sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

4. Non obstante, de conformidade co disposto no artigo 44 da referida Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase requirir previamente o órgano que ditou a resolución, para que derroque a disposición, anule ou revogue o acto, no prazo de dous meses contados desde a notificación da resolución. O requirimento entenderase rexeitado se non fose contestado no mes seguinte á súa recepción.

Artigo 16. *Documentación, lugar e prazo de presentación das solicitudes.*

1. Documentación e requisitos das solicitudes.

As solicitudes deberán achegarse presentando na súa totalidade a documentación que se relaciona a seguir:

a) Anexo I de solicitude dirixida á Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade e documentación para achegar pola entidade solicitante en soporte papel.

b) Anexo II de memoria do proxecto en soporte papel e extensión recollidos neste anexo.

c) Anexo III de declaración responsable e comprensiva do feito de non atoparse o solicitante incurso nalgunha das prohibicións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de entidades que realizan a súa xestión asociadas, xuntaranse as declaracións de cada participante no proxecto conxunto.

d) Anexo IV de declaración do solicitante da subvención en que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o proxecto que presenta ou proxectos cos mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

e) Tal como prevé o artigo 3.10 da presente orde, no caso de que unha solicitude sexa presentada por unha entidade que pensa realizar a xestión do proxecto asociada a outra, ou varias, ademais da documentación exixida na alínea anterior, estas entidades deberán amosar individualmente a aceptación do nomeamento da entidade privada solicitante como única representante do proxecto común, que actuará como representante ante a Consellería de Sanidade. Para tales efectos, téñense que achegar cubertos os anexos V e VI, de nomeamento de representante das entidades agrupadas e da aceptación conforme de tal condición, respectivamente.

2. Lugar de presentación.

A solicitude xunto coa documentación complementaria será dirixida á Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, subscribida polo/a presidente/a como representante legal da entidade interesada, e deberán presentarse no Rexistro Xeral da Consellería de Sanidade ou nos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, así como no Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á creación do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán.

A presentación da solicitude poderase realizar tamén en sede electrónica <http://www.xunta.es/resultados-da-guia-de-procedementos>, de conformidade co previsto no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, e no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, así como a Orde do 7 de xullo de 2009, pola que se desenvolve o citado Decreto 255/2008, o Decreto 165/2005, do 16 de xuño, e pola Orde do 15 de setembro de 2011 pola que se aproba a posta en funcionamento da sede electrónica da Xunta de Galicia, de aplicación á totalidade dos órganos da Administración xeral de Galicia e entes instrumentais.

No caso en que se optase por presentar a solicitude ou calquera outra documentación que se achegue nas distintas fases do procedemento ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo/a funcionario/a de Correos antes de ser certificada, segundo o establecido no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se regula a prestación dos servizos postais.

Os solicitantes poderán acollerse ás posibilidades recollidas nos parágrafos terceiro e cuarto do artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Prazo de presentación de solicitudes.

Será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

A presentación da solicitude de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, cando sexan pertinentes. Non obstante o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Artigo 17. *Emendas da solicitude.*

As unidades administrativas da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública responsables da tramitación dos procedementos de concesión das subvencións reguladas nesta orde, comprobarán que as solicitudes reúnen todos os requisitos exixidos. Se unha solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, requirirase o interesado para que, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos nun prazo máximo e improrrogable de 10 días con indicación de que, se así non o fixer, se dará por desistido da súa solicitude e procederáse conforme o establecido no devandito artigo.

Artigo 18. *Conceptos subvencionables.*

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable responden á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido no artigo 7.3. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. En particular subvencionaranse os seguintes conceptos de gasto:

- a) Gastos de persoal relativos a nóminas e Seguridade Social.
- b) Axudas de custo por desprazamento, debidamente xustificadas en relación co proxecto.
- c) Gastos materiais. Neste sentido admitiranse gastos derivados da difusión e visualización social do proxecto, gastos de material preventivo ou divulgativo.
- d) Gastos xerais derivados do mantemento do servizo tales como os correspondentes a alugamentos dos locais, asesoría, electricidade, gas, auga, telefonía, lixo ou comunidade.
- e) Custos indirectos, sempre que sexan imputados á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda.
- f) Gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e rexistrais e gastos xudiciais se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a preparación ou execución desta.
- g) Os tributos consideraranse gastos subvencionables cando o beneficiario desta axuda os aboe efectivamente e sempre que, no caso dos impostos indirectos, non sexan, pola súa parte, susceptibles de recuperación ou compensación.
- h) Os gastos de amortización calculados de conformidade coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas consideraranse subvencionables, sempre que se refiran ao período indicado e que os bens obxecto de amortización non fosen adquiridos mediante subvencións da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde.
- i) Non obstante, en ningún caso terán a consideración de gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, así como os xuros, recargas ou sancións administrativas ou os gastos de procedementos xudiciais.

2. Considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, debendo acreditarse os pagamentos ou as súas obrigas a través de facturas ou xustificantes de pagamento. En todo caso, a forma de xustificación deberá atender ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 19. *Xustificación.*

Unha vez rematado o desenvolvemento do proxecto, e en todo caso antes do 10 de decembro de 2012, as entidades beneficiarias remitirán á Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública a seguinte documentación, co fin de realizar as propostas de pagamento da subvención concedida:

1. Declaración da entidade petionaria da subvención en que figure o conxunto das subvencións e axudas solicitadas para a mesma finalidade, procedentes das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, tanto as efectivamente percibidas como as aprobadas ou concedidas ou as pendentes de resolución, así como calquera outro ingreso ou recurso financeiro que teña como finalidade o financiamento das actuacións obxecto da subvención (segundo o modelo do anexo IV).

2. Memoria dos programas e actividades realizadas no período obxecto da subvención. Será presentada segundo o sistema de información con que conta a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. Informes de memoria que recolle o sistema de avaliación de programas de prevención de drogodependencias, Xesapi.

3. Presentarase un resumo de gastos en que figurará a suma de cada concepto derivado do desenvolvemento do proxecto, debidamente asinado polo tesoureiro/a da entidade e co visto e prace do presidente/a da entidade, gastos que terán que ser iguais ou superiores ao importe do proxecto subvencionado. En todo caso, a forma de xustificación deberá atender ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en que, segundo o seu número 6, a xustificación deberá comprender a totalidade dos gastos dos programas e actividades desenvolvidas, debendo acreditar os gastos da subvención outorgada. Ademais atenderá ao previsto no artigo 29.2 desa mesma lei con relación ao concepto de gasto realizado.

4. Segundo o artigo 7.3 da presente orde, as actuacións que se subvencionan deberán efectuarse desde o 1 de decembro de 2011 e, consecuentemente, os xustificantes de pagamento que soporten as ditas actuacións poderán referirse a gastos xerados a partir

dese período. No entanto, e motivado polos prazos impostos polo peche do exercicio orzamentario do ano 2012, a documentación correspondente aos gastos previstos entre o 1 de decembro de 2011 e o 30 de novembro de 2012 será requirida con anterioridade ao seu pagamento efectivo na forma que oportunamente se comunique, coa finalidade de ser realizado pola comunidade autónoma o correspondente recoñecemento da obriga.

5. En calquera caso, para poder efectuar os pagamentos previstos, deberanse acreditar os gastos efectuados mediante xustificacións orixinais ou copias compulsadas de facturas ou documentos con valor probatorio equivalente, nóminas ou boletíns de cotización á Seguridade Social. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente e nelas constarán:

- Número de factura.
- Nome e apelidos ou denominación social, número de identificación fiscal e dirección, tanto do expedidor como do destinatario.
- Descrición da operación e a súa contraprestación total, indicando o tipo impositivo aplicado.
- Lugar e data da súa emisión.

6. A estas xustificacións deberá xuntarlles unha relación en listaxe simple consecutiva, ordenada segundo os conceptos de gasto a que se atribúen (persoal, materiais ou gastos xerais de mantemento e xestión) e, dentro deste punto, correlativas segundo a súa data de emisión.

7. Nesta relación figurará para cada un dos conceptos o número de orde da factura, o número de factura, a data de emisión, o proveedor, a descrición do gasto, o programa a que se atribúe e o importe da factura.

8. Tanto a presentación das facturas como a demais documentación xustificativa dos gastos, como a súa relación ordenada, son requisitos imprescindibles para a tramitación do mencionado pagamento; devolverase toda a xustificación que non o cumpra.

9. O pagamento derradeiro da subvención correspondente quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da finalidade para a cal se concedeu, nos termos e na forma que estableza a resolución da concesión.

10. Ao remate do proxecto, xunto coa memoria dos programas e actividades obxecto do período correspondente, acompañarase copia de todos os materiais de rexistro de actividade, coa datas correspondentes da súa execución e materiais divulgativos xerados.

11. En ningún caso o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo total do proxecto que vaia desenvolver o beneficiario.

Artigo 20. *Pagamento e xestión económica.*

Os pagamentos correspondentes a cada subvención concedida realizaranse de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 62.2 e 4 e 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e farase efectiva do seguinte xeito:

1. Primeiro pagamento de carácter anticipado, equivalente ao 60% da contía da subvención outorgada, en concepto de gastos de preparación, posta en marcha e execución inicial de actividades do proxecto. Este pagamento de carácter anticipado efectuarase unha vez ditada a resolución de concesión e logo da aceptación da subvención concedida, e deberá ser xustificado posteriormente con ocasión da presentación do segundo pagamento. En todo caso, os importes anticipados non poderán superar o 80% da subvención concedida, logo de autorización polo Consello da Xunta para superar a porcentaxe máxima prevista no artigo 63.3 do Decreto 11/2009.

2. Segundo pagamento, a conta da liquidación definitiva, equivalente ao 20% da contía total outorgada, segundo o especificado no artigo 62 do citado Decreto 11/2009. Efectuarase tras a presentación dun informe de seguimento por parte do coordinador do proxecto, en concepto de gastos de continuación da execución das actividades programadas, e logo da conformidade emitida pola Subdirección Xeral de Programas de Fomento e Estilos de Vida Saudables.

Estes pagamentos á conta libranse despois da debida xustificación dos gastos executados efectivamente pagados que correspondan ás actividades desenvolvidas ata o momento da solicitude de pagamento de que se trate.

Cara a unha mellor e máis eficiente xestión, a solicitude deste pagamento á conta deberá presentarse ante a Consellería de Sanidade antes do 30 de setembro de 2012.

3. O libramento do pagamento do 20% derradeiro non se levará a cabo ata que estean integramente xustificadas a totalidade dos gastos correspondentes á actividade subvencionada, e efectuarase tras a presentación da documentación requirida no artigo 17, á vista do informe de seguimento, das avaliacións intermedias que realice, de ser o caso, a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, e da memoria final, en concepto de execución conforme das actividades do proxecto subvencionado.

Artigo 21. *Obrigas dos beneficiarios.*

1. Serán obrigas dos beneficiarios as recollidas con carácter xeral no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. Quedarán tamén obrigadas a dar adecuada publicidade e difusión, por calquera clase de medio escrito ou audiovisual, da participación da Xunta de Galicia nas actividades que se desprendan do proxecto subvencionado.

3. Calquera outra das obrigas recollidas na normativa vixente en materia de subvencións.

Artigo 22. *Revogación e reintegro das axudas.*

O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas na presente orde, así como a duplicidade de axudas con cargo a outros créditos dos orzamentos xerais do Estado, da Seguridade Social e da Administración institucional, autonómica ou local, constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro pola entidade beneficiaria ou solicitante, xunto cos xuros de demora, segundo o previsto no artigo 33.1 b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Artigo 23. *Infraccións e sancións.*

No relativo a esta materia, rexerá o disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Disposición derradeira primeira.

Para os aspectos non contidos nesta orde aplicarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, pola que se aproba o seu regulamento e, supletoriamente, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Disposición derradeira segunda.

A Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública adoptará as medidas oportunas para o seguimento, avaliación, difusión e execución dos proxectos seleccionados, previstos nesta orde.

Disposición derradeira terceira.

Autorízase o director xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública para ditar as instrucións necesarias que permiten a aplicación e o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira cuarta.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2012.

Rocío Mosquera Álvarez
Conselleira de Sanidade

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO I

| | | |
|---|---|-------------------------|
| PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUCTAS ADICTIVAS PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO SA463F | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|---|---|-------------------------|

| | | | |
|---------------------------------------|---------------------------------------|----------------------|----------------------|
| DATOS DO SOLICITANTE | | | |
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | DNI |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| ENDEREZO PARA EFECTOS DE COMUNICACIÓN | | LOCALIDADE | |
| <input type="text"/> | | <input type="text"/> | |
| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | |
| TELÉFONO | TELÉFONO MÓBIL | ENDEREZO ELECTRÓNICO | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | |
| NOME DA ENTIDADE | NÚMERO DA CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS) | | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | | |

SOLICITA:

Que, de acordo co establecido na Orde do 9 de xaneiro de 2012 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro, lle sexa concedida unha axuda económica para a realización do proxecto que se especifica na memoria que se xunta.

IMPORTE TOTAL DO PROXECTO: IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA:

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:**

Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Sanidade para que, de acordo co establecido nos números 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informados de que os datos persoais recollidos ao amparo desta orde se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento, e podendo exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito á:


Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública (DXIeXSP)
Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos
Edificio administrativo da Consellería de Sanidade
San Lázaro, s/n.
15703 - Santiago de Compostela
A CORUÑA

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 9 de xaneiro de 2012 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro.

SINATURA DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE SOLICITANTE

, de de






XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO I (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE AS ENTIDADES SOLICITANTES ACHEGAN
ACOMPANANDO Á SOLICITUDE FORMULADA

- Solicitude segundo o modelo recollido no anexo I.
- Memoria do proxecto que motiva a solicitude desta subvencións consonte o recomendado no anexo II.
- Fotocopia cotexada do CIF da entidade solicitante.
- Certificación da conta bancaria da entidade solicitante.
- Declaración de non atoparse incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario segundo o modelo recollido no anexo III.
- Declaración do conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o proxecto segundo o modelo recollido no anexo IV.
- Nomeamento de representante do proxecto ante a DXIeXSP segundo o modelo recollido no anexo V.
- Aceptación da representación do proxecto ante DXIeXSP segundo o modelo recollido no anexo VI.



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

ANEXO II

**Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas
Modelo para a elaboración da memoria**

1. Título do proxecto.

O título deberá ir acompañado dos datos identificativos das entidades sen ánimo de lucro que o presentan.

2. Extensión do proxecto.

A memoria do proxecto que hai que presentar en ningún caso poderá exceder dos 10 folios en Din A-4. Xunto co anexo I de solicitude de axuda, xuntarase un exemplar impreso en Din A-4, e un exemplar en soporte informático Cd-Rom, en word 2003.

3. Índice e contidos do proxecto.

Relacionaranse os programas e actividades para cada ámbito de actuación segundo a carteira de servizos en materia de prevención de drogodependencias. Cada un dos programas contará cun índice en que constarán os puntos mínimos que máis abaixo se relacionan.

a) Xustificación do programa.

- Análise da situación: poboación na cal se vai intervir, características sociodemográficas da zona xeográfica, demanda social coñecida sobre os trastornos adictivos, etc.

- Descrición da poboación: número de poboación e características das persoas a que vai dirixido tanto o programa como as actividades concretas, número estimado de persoas receptoras etc.

- Obxectivos do programa: deben responder claramente a pregunta «¿que se quere conseguir con cada actividade concreta?», é dicir, os logros que se pretenden acadar co desenvolvemento das actividades, de acordo cos recursos reais con que se conta. Os obxectivos específicos deberán ser medibles.

- Metodoloxía e actividades: debe responder á pregunta ¿como se vai desenvolver cada actividade? xustificando esa metodoloxía sobre a actividade. Describiranse con detalle as actividades que se pretenden realizar.

- Recursos humanos necesarios para o seu desenvolvemento: función, titulación, necesidade, pertinencia, dedicación, etc.

- Sistema de avaliación do programa/actividade: obxectivos acadados, criterios de avaliación, etc.

b) Calidade do programa.

- Marco teórico de partida: xustificación ou porqué da súa elección....

- Recursos económicos e materiais: propios ou doutros que se mobilizan...

- Temporalidade e calendario: adecuación aos obxectivos e actividades....

- Recursos humanos:

Coordinación cos recursos escolares, sociais e sanitarios do ámbito municipal.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO III

**DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓNS
PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DUNHA SUBVENCIÓ**

Don/Dona con DNI ,
presidente/a da ENTIDADE
provincia de

solicitante da subvención da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para o Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas.


DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que a ENTIDADE privada sen ánimo de lucro que represento non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria que se sinalan no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste, asino a presente declaración no lugar e na data indicados.

O representante legal
(Sinatura e selo)

, de de



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO IV

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona con DNI ,

en nome e representación da entidade

con CIF en calidade de

en relación ao proxecto titulado:

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Non ter solicitada ningunha outra axuda para a mesma actividade ou proxecto.

Ter solicitada/s a/s axuda/s.

| ADMINISTRACIÓN PÚBLICA A QUE SE SOLICITAN AXUDAS | CONTÍA SOLICITADA |
|--|-------------------|
| | |
| | |
| | |

Ter concedida/s a/s seguintes axuda/s.


| ADMINISTRACIÓN PÚBLICA A QUE SE SOLICITAN AXUDAS | CONTÍA SOLICITADA |
|--|-------------------|
| | |
| | |
| | |

Lugar e data

, de de

Sinatura do representante da entidade

Asdo.:



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO V

ACEPTACIÓN DO NOMEAMENTO DUNHA ENTIDADE PRIVADA SEN ÁNIMO DE LUCRO COMO REPRESENTANTE
ÚNICA ANTE A CONSELLERÍA DE SANIDADE DUNHA AGRUPACIÓN DE DOUS OU MÁIS

Don/Dona con DNI ,
representante legal da ENTIDADE
provincia de

ACEPTO

O nomeamento de representante e interlocutor único ante a Consellería de Sanidade da agrupación constituída polas entidades e , para a presentación e xestión do Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas presentado conxuntamente, segundo o disposto ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2012 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas na Comunidade Autónoma de Galicia.

E para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data indicados.

O representante legal
(Sinatura e selo)

, de de



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO VI

CONSENTIMENTO DUNHA ENTIDADE PRIVADA SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA QUE OUTRA ACTÚE COMO
REPRESENTANTE ÚNICA ANTE A CONSELLERÍA DE SANIDADE DUNHA AGRUPACIÓN DA QUE FORMAN PARTE

Don/Dona con DNI ,
representante legal da ENTIDADE
de , provincia de

CONSINTO

En que a entidade sexa a representante única perante a Consellería de Sanidade, para a presentación e xestión do Proxecto de prevención de drogodependencias e condutas adictivas presentado conxuntamente, segundo o disposto ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2012 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas na Comunidade Autónoma de Galicia.

E para que así conste, asino o presente consentimento no lugar e na data indicados.

O representante legal
(Sinatura e selo)

, de de



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO VII

DECLARACIÓN DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

Don/Dona con DNI ,
que actúa en nome e representación da entidade
que ten o seu domicilio en

MANIFESTA

Que o día 19 de xaneiro de 2012 se publicou no *Diario Oficial de Galicia* a resolución de concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para o desenvolvemento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012, con código de procedemento , para o proxecto , por unha contía de euros.

DECLARA

Que acepta a subvención concedida.

, de de

(Sinatura e selo da entidade)



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO VIII

DECLARACIÓN DE RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA

Don/Dona con DNI ,
que actúa en nome e representación da entidade
que ten o seu domicilio en

MANIFESTA


Que o día 19 de xaneiro de 2012 se publicou no *Diario Oficial de Galicia* a resolución de concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para o desenvolvemento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012, con código de procedemento , para o proxecto , por unha contía de euros.

DECLARA

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

, de de

(Sinatura e selo da entidade)



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>